

Senén Olano - xullo 2013

LABIRINTO do PAZO DE TOR

O labirinto do Pazo de Tor, proxectado e construído no século XVII está, na data de levantamento deste plano, bastante deteriorado: Faltan algunhas das lousas que definen o trazado e está deformado polos movementos do terreo e a influencia da climatoloxía ao longo do tempo.

O trazado que aquí vemos correspóndese co posible trazado orixinal, consistente en catro espirais (de catro centros cada unha delas) enlazadas que definen oito camiños con saída e outros tantos sen ela.

Está realizado con lousas ou chantos do país fincados no chan, definindo camiños de uns 50 centímetros de ancho; os espazos entre os camiños son máis altos de xeito que o chan neles está uns 15 centímetros por riba do dos casmiños.

No centro das catro espirais atopamos espazos cadrados en cuxo centro hai cadansúa pía de granito de 1 metro de diámetro interior.

